

DINÁMICAS PARA A COMPETENCIA SOCIAL O TELÉFONO



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Comprobar en que consiste o efecto bóla de neve na comunicación.
- ★ Promover a necesidade de aprender un estilo comunicativo que minimize os erros.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Co alumnado sentado en forma de "U", a titora dille á persoa situada nun dos extremos unha frase curta, ao oído, sen que os demais poidan escoitala. Exemplos de frases:
 - ★ A Xunta de Galicia vai protexer ó sapoconcho, o réptil máis ameazado de Galicia.
 - ★ Un can que parecía un león xenera varios avisos para a Policía Local de "Molina de Segura".
 - ★ A Policía Local de Vigo multa a 9 dos 12 automóbiles e dous furgóns do seu mesmo corpo coa ITV caducada.
 - ★ Descubren un cuarto secreto agochado detrás dunha estantería na Consellería de Saúde da Xunta de Andalucía.
 - ★ Condeado por inventar que dúas persoas vestidas de polos roubáronlle o móbil.
 - ★ Detido un coruñés cun permiso de conducir da República Errante Menda Lerenda.
 - ★ Presos dunha cárcere de Pontevedra usaban o teletexto para crear a súa propia rede de contactos.
- ★ Este alumno/a fará o mesmo e así sucesivamente ata que a mensaxe chega á última persoa da roda.
- ★ Este último alumno/a di en voz alta a frase e o titor/a di a continuación a frase orixinal (o resultado sempre é que son moi diferentes).
- ★ Pódese repetir varias veces a dinámica, para comprobar que sempre sucede o mesmo, a mensaxe orixinal cambia.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Gustouvos xogar ao teléfono?
- ★ Que lle pasa á mensaxe orixinal?
- ★ Hai algún culpable, ou o sodes todos/as?
- ★ Algunha vez pasouvos que vos dixeron algo que resultou ser incerto?
- ★ Algunha vez interpretastes mal a información que vos estaban contando?
- ★ Parecevos que pode ser unha fonte de conflito?
- ★ Como creedes que podemos evitar estes erros?